**Resolución pola que se publica o resultado da convocatoria de subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2018 e 2019, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.**

GDR - 15 Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra- Morrazo

**Convocatoria 2018-2019: solicitudes de axuda presentadas ata o 31 de maio de 2018.**

Mediante o Acordo do Consello de Dirección da Agader do 29 de decembro de 2016 aprobáronse as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, cofinanciadas con Feader (DOG nº 12, do 18 de xaneiro de 2017) e mediante a Resolución do12 de decembro de 2017 do director xeral da Agader, convocáronse, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), para as anualidades 2018 e 2019 (DOG núm. 245, do 28 de decembro de 2017).

Para o financiamento desta convocatoria prevíase que con cargo ao 2018 disporíase de 7.630.000,00 € con cargo ás aplicacións orzamentarias da Agader 13.A1.712A.7600, 13.A1.712A.7700 e 13.A1.712A.7810 (aplicación orzamentaria 13.04.712A.732.09 da Consellería do Medio Rural, proxecto 2016-00221 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural). A resolución do 2 de xullo de 2018 do director xeral da Agader, ampliou a dotación orzamentaria prevista para a anualidade 2018 ata un total de 9.223.121,17 € (DOG núm. 129, do 6 de xullo).

Para atender os compromisos derivados desta convocatoria con cargo á anualidade 2019, prevese un importe de 9.908.970,00 €, que se imputarán con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia da citada anualidade 2019.

A Resolución do 9 de xullo de 2018 do director xeral da Agader pola que se amplía para o GDR - 15 Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra- Morrazo a dotación orzamentaria da Resolución do 12 de decembro de 2017 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 PDR de Galicia 2014-2020), para as anualidades 2018 e 2019, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader); e pola que se aproban, dentro das dispoñibilidades orzamentarias globais establecidas, os importes máximos dispoñibles dentro das distintas tipoloxías de proxectos subvencionables ao abeiro da submedida 19.2 do PDR, establece, para este GDR a seguinte distribución de importes por tipoloxías:

CVE: HLPhb4FIH4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| SUBMEDIDA | TIPO PROXECTO | GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 2.018 | % | 2.019 | % | TOTAL | % |
| 19.2 Apoio a realización de operacións conforme á extratexia de desenvolvemento local particitativo | Produtivos | 208.530,03 | 61,70 | 162.685,21 | 43,00 | 371.215,24 | 51,82 |
| | Non produtivos (entidades públicas locais) | 94.632,75 | 28,00 | 196.735,60 | 52,00 | 291.368,35 | 40,68 |
| | Non Productivos (institucións de carácter privado) | 16.898,71 | 5,00 | 18.916,88 | 5,00 | 35.815,59 | 5,00 |
| | Formación | 17.912,63 | 5,30 | 0 | 0,00 | 17.912,63 | 2,50 |
| | **TOTAL** | 337.974,11 | | 378.337,69 | | 716.311,80 | |

Unha vez efectuada a distribución de fondos da 1ª e 2ª convocatoria 2018-2019 dos proxectos non produtivos promovidos por entidades públicas locais e sendo seleccionados todos os proxectos concorrentes o GDR propón na Xunta Directiva do 31 de xullo unha nova distribución dos fondos .

Unha vez efectuado o traspaso de fondos anteriormente acordado pola Xunta Directiva, o cadro anterior ten a seguinte distribución de importes por tipoloxías:

| SUBMEDIDA | TIPO PROXECTO | GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 2.018 | % | 2.019 | % | TOTAL | % |
| 19.2 Apoio a realización de operacións conforme á extratexia de desenvolvemento local particitativo | Produtivos | 242.426,70 | 71,73 | 203.394,59 | 53,76 | 445.821,29 | 62,24 |
| | Non produtivos (entidades públicas locais) | 45.993,18 | 13,61 | 156.026,22 | 41,24 | 202.019,40 | 28,20 |
| | Non Productivos (institucións de carácter privado) | 31.641,61 | 9,36 | 18.916,88 | 5,00 | 50.558,49 | 7,06 |
| | Formación | 17.912,63 | 5,30 | 0,00 | 0,00 | 17.912,63 | 2,50 |
| | **TOTAL** | 337.974,12 | | 378.337,69 | | 716.311,81 | |

O artigo 17.6 das bases reguladoras das citadas subvencións establece que as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras publicaranse no DOG, así coma no taboleiro de anuncios da sede da Agader (lugar da Barcia, nº56, Laraño, 15897 Santiago de Compostela), na web do GDR e na web da Agader (http://agader.xunta.gal).

Ademais, a resolución notificarase individualmente a cada interesado, remitíndolle unha copia ao GDR.

Tendo en conta que:

- A competencia para resolver sobre a concesión das axudas lle corresponde á persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en virtude do Acordo de delegación do 13 de xullo de 2013 do Consello de Dirección da Agader, feito público mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG núm. 148, do 5 de agosto).
- Existe dispoñibilidade financeira para as axudas que se propoñen.



CVE: HLPhb4FIH4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- Existe coherencia coas proposta da Xunta directiva do GDR 24 de xullo de 2018.
- Existe coherencia cos informes proposta das resolucións individuais, emitidos polo subdirector de Relacións cos GDR

**RESOLVO QUE SE PUBLIQUE O RESULTADO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS SEGUNDO SE INDICA NOS PUNTOS SEGUINTES:**

1) E stablecer a listaxe de proxectos seleccionados: non produtivos promovidos por entidades públicas locais 1ª convocatoria proxectos presentados ata o 31 de marzo de 2018 (anexo I), 2ª convocatoria proxectos presentados ata o 31 de maio de 2018 (anexo II) produtivos (anexo III), e non produtivos promovidos por entidades privadas (anexo IV).
2) Establecer a listaxe de proxectos para os que procede a denegación da subvención por non cumprir algún dos requisitos indicados nas bases reguladoras e/ou na estratexia do GDR (anexo V).

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso- administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

CVE: HLPhb4FIH4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## ANEXO I: PROXECTOS NON PRODUTIVOS CON AXUDA CONCEDIDA PROMOVIDOS POR ENTIDADES PÚBLICAS LOCAIS (1ª convocatoria proxectos presentados ata 31/03/2018)

| Número de expediente | Título | Promotor | Orzamento aceptado | Portentaxe de axuda (%) | IMPORTE AXUDA 2018 | IMPORTE AXUDA 2019 | Puntuación segundo o baremo | Prioridade |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| L18-1920-15-0054 | Creación de Aula de novas tecnoloxías en Ponte Caldelas | Concello de Ponte Caldelas | 17.154,92 | 90,00% | 3.859,86 | 11.579,57 | 73,00 | Alta |
| L18-1920-15-0045 | Creación de aula internet e multimedia adaptada en Arcade | Concello de Soutomaior | 38.730,38 | 77,50% | 7.504,01 | 22.512,03 | 60,00 | Alta |
| L18-1920-15-0039 | Posta en valor do patrimonio arqueolóxico (Moaña) | Concello de Moaña | 18.500,63 | 70,00% | 3.237,61 | 9.712,83 | 73,00 | Media |
| L18-1920-15-0053 | Acondicionamento de local para centro social e desenvolvemento rural (Mourente) | Concello de Pontevedra | 452.497,21 | 42,50% | 12.500,00 | 37.500,00 | 55,00 | Media |
| | | | | | 27.101,48 | 81.304,43 | | |

## ANEXO II: PROXECTOS NON PRODUTIVOS CON AXUDA CONCEDIDA PROMOVIDOS POR ENTIDADES PÚBLICAS LOCAIS (2ª convocatoria proxectos presentados ata 31/05/2018)

| Número de expediente | Título | Promotor | Orzamento aceptado | Portentaxe de axuda (%) | IMPORTE AXUDA 2018 | IMPORTE AXUDA 2019 | Puntuación segundo o baremo | Prioridade |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| L18-1920-15-0059 | Despregue de rede de internet en locais sociais do Concello de Cerdedo-Cotobade | Concello de Cerdedo-Cotobade | 45.738,00 | 90,00% | 10.291,05 | 30.873,15 | 71,00 | Alta |
| L18-1920-15-0060 | Posta en valor dos Petroglifos do Outeiro (Barro) | Concello de Barro | 21.289,44 | 70,00% | 3.725,65 | 11.176,96 | 70,65 | Media |
| L18-1920-15-0057 | Desenvolvemento Web e App Turismo de Marín | Concello de Marín | 30.000,00 | 65,00% | 4.875,00 | 14.625,00 | 65,00 | Media |
| | | | | | 18.891,70 | 56.675,11 | | |

CVE: HLPhb4FIH4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| ANEXO III: PROXECTOS PRODUTIVOS SELECCIONADOS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Número de expediente** | **Título** | **Promotor** | **Orzamento aceptado** | **Portentaxe de axuda (%)** | **IMPORTE AXUDA 2018** | **IMPORTE AXUDA 2019** | **Puntuación segundo o baremo** |
| L18-1920-15-0044 | Creación de centro de xardinaría (Caritel) | Luzdivina Cabadas Pereira | 59.605,69 | 45,00% | 20.116,92 | 6.705,64 | 81,00 |
| L18-1920-15-0050 | Creación de empresa de educación medioambiental e ocio (Paredes) | Rosa Ana Rios Fernández | 40.050,00 | 45,00% | 4.505,63 | 13.516,87 | 74,00 |
| L18-1920-15-0034 | Ampliación e Modernización de empresa de comercialización de motores eléctricos e reductores | Electro Gálvez y Senabre, SLU | 321.491,61 | 45,00% | 84.503,42 | 60.167,80 | 70,00 |
| L18-1920-15-0035 | Ampliación de serradoiro de pedra (A Lama) | Granitos del Verdugo, S.L. | 71.109,41 | 44,50% | 28.479,32 | 3.164,37 | 69,00 |
| L18-1920-15-0051 | Ampliación de obradoiro de pastelería artesán (Rebordelo) | João Rocha | 22.953,93 | 42,43% | 9.739,35 | 0,00 | 64,85 |
| L18-1920-15-0052 | Desenvolvemento de aplicacións para empresa de comercio online (Beluso) | Old Play Spain, S.L. | 69.850,00 | 38,00% | 19.907,25 | 6.635,75 | 56,00 |
| L17-1920-15-0029 | Creación Granxa escola "O Souto" | Faesta y Souto S.L. | 449.420,39 | 35,74% | 51.174,81 | 109.448,04 | 51,48 |
| L18-1920-15-0046 | Equipamento para liña de comercialización de hortalizas (Barro) | TC Group Atlántico, S.L. | 34.740,70 | 33,00% | 11.464,43 | 0,00 | 46,00 |
| L18-1920-15-0049 | Explotación agrícola para produción de viñedo e oliveiras (Verducido) | Ruth Gundín Villar | 18.456,70 | 30,50% | 1.873,17 | 3.756,12 | 41,00 |
| L18-1920-15-0038 | Instalación fotovoltaica de autoconsumo "Viveros La Gardenia, SL" (Campañó) | Viveros La Gardenia, S.L. | 38.080,00 | 28,00% | 10.662,40 | 0,00 | 36,00 |
| | | | | | 242.426,70 | 203.394,59 | |

CVE: HLPhb4FIH4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

| ANEXO IV: PROXECTOS NON PRODUTIVOS SELECCIONADOS PROMOVIDOS POR ENTIDADES PRIVADAS | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Número de expediente** | **Título** | **Promotor** | **Orzamento aceptado** | **Portentaxe de axuda (%)** | **IMPORTE AXUDA 2018** | **IMPORTE AXUDA 2019** | **Puntuación segundo o baremo** | **Prioridade** |
| L18-1920-15-0037 | Transporte adaptado para persoas afectadas de alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas | Asociación de familiares de enfermos de alzheimer do Morrazo (AFAMO) | 34.980,00 | 70,00% | 24.486,00 | 0,00 | 54,00 | Alta |
| L18-1920-15-0040 | Parque etnoarqueolóxico das cabanas prehistóricas do Outeiro das Mouras (Salcedo) | CMVMC de Salcedo | 39.744,65 | 65,60% | 7.155,61 | 18.916,88 | 65,60 | Media |
| | | | | | 31.641,61 | 18.916,88 | | |

CVE: HLPhb4FIH4
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## ANEXO V: EXPEDIENTES CON DENEGACIÓN DA AXUDA

| Número de expediente | Promotor | Motivo | Observacións |
|---|---|---|---|
| L18-1920-15-0036 | Asociación Galega de Empresas de Tecnoloxías de Información e Comunicación (AGESTIC) | 2 | |
| L18-1920-15-0043 | Asociación de Propietarios de Montes do Morrazo (A.P.M.M) | 4, 6 | O proxecto non é finalista, ao abeiro do Réxime de Axudas non son admisibles fases de proxectos. |
| L18-1920-15-0048 | Raquel Carragal Da Costa | 6 | O proxecto desenvólvese dentro dun núcleo  excluído do terriotorio de aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Rural so GDR. |
| L18-1920-15-0061 | Talleres Domínguez y Durán, S.L. | 6 | O proxecto desenvólvese dentro dun núcleo  excluído do terriotorio de aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Rural so GDR. |

**Motivos:**

1. **A solicitude de axuda está incompleta (artigo 12 das bases reguladoras)**
2. **O promotor non cumpre os requisitos indicados nas bases reguladoras (artigo 3 das bases reguladoras)**
3. **Os gastos propostos no orzamento do proxecto non son subvencionables (artigo 5 das bases reguladoras)**
4. **O proxecto non é elixible ao abeiro das fichas de elixibilidade das bases reguladoras e/ou da estratexia do GDR.**
5. **O proxecto non acada a puntuación mínima ou de corte establecida no baremo do GDR.**
6. **Outras: especificar a causa no apartado de observacións**

Santiago de Compostela

O director xeral da Agader

(Por delegación: Resolución 24/07/2013; DOG n.º 148, do 5 de agosto)

(Asinadoelectronicamente)

**Asinado por:** PEREZ DUBOIS, MIGUEL ANGEL
**Cargo:** Director Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
**Data e hora:** 03/09/2018 15:14:22

CVE: HLPhb4FIH4
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve